# ESQUEMA DE ANÁLISE E COMENTARIO DUN PLANO URBANO

Un **plano urbano** é un debuxo que representa a estrutura urbana dunha cidade ou vila e que nos permite coñecer a súa localización, a evolución histórica, o crecemento urbano, a morfoloxía e a estrutura dunha cidade.

Para comentar un plano urbano propoñemos o seguinte esquema de análise:

## 1º LOCALIZACIÓN DA CIDADE:

- **Situación**: entorno en que se localiza a cidade (xunto a un río, na encrucillada de estradas etc, facendo referencia a outros elementos que nos poidan parecer salientables).
- **Emprazamento**: Lugar concreto en que se sitúa a cidade (nun outeiro, nunha baía etc). Cómpre indicar o porque do emprazamento (defensivo, comercial etc)



## 2º MORFOLOXÍA URBANA:

- Indicar as diferentes **tramas urbanas** existentes: irregular, ortogonal, radiocéntrico ou lineal.












- Normalmente nun mesmo plano aparecen varios planos diferentes, debido á súa diferente orixe e a ampliacións ao longo do historia que foron configurando unha morfoloxía determinada. Nese caso haberá que comentar cada unha das morfoloxías existentes.

➢ Disposición dos edificios: pechada ou aberta, ordenada ou desordenada, colectivo ou individual.







➢ **Análise dos usos do solo:** residencial, industrial, sanitario, comunicacións etc.

## 3º ESTRUTURA URBANA:

- Distinguir as diferentes áreas ou os diferentes barrios que forman a cidade e as funcións que se desenvolven nelas (centro histórico, ensanche, área de negocios (CBD) e barrios periféricos). Cómpre tamén relacionar as diferentes áreas urbanas coa evolución histórica da cidade.
- As comunicacións: Localizar as infraestruturas de transportes e comunicacións, grandes avenidas, estradas, ferrocarril, porto, aeroporto, e apreciar, a partir delas, o grao de comunicacións no interior da cidade, entre os barrios, ou coa periferia, que pode influír nas súas funcións económicas.



# 3. ESTRUTURA URBANA
## O CASCO ANTIGO
### Herdanza da época preindustrial




Córdoba




Toledo

ORIXE MEDIEVAL ISLÁMICA



# 3. ESTRUTURA URBANA
## O CASCO ANTIGO
### Herdanza da época preindustrial




OVIEDO




ZAMORA

ORIXE MEDIEVAL CRISTIÁ

# 3. ESTRUTURA URBANA
## O CASCO ANTIGO
### Herdanza da época preindustrial


Valladolid


Madrid

Renacemento, Barroco e Neoclásicismo: xorden as Prazas Maiores con edificios importantes. Intervención no centro das cidades, ornamentación das cidades e trazados regulares



# 3. ESTRUTURA URBANA
## O ENSANCHE URBANO
### Ensanche burgués

- Derrubamento das murallas
- Plasmación de ideas burguesas no plano: orde, hixiene e beneficios económicos
- Plano en cuadrícula, de baixa densidade e de uso residencial (co tempo vaise densificar e terciarizar)



# 3. ESTRUTURA URBANA
## A PERIFERIA URBANA ACTUAL
### Áreas industriais da periferia




Principais áreas industriais periféricas, xunto ás entradas á cidade a ao ferrocarril. Cáceres.